



Concello
de Pontevedra



Actividades Apego outono 2022

Venres 18 de novembro

Dioramas, con Babaluva

- Ás 18 h no Pazo da Cultura (sala de obradoiros)

Para familias con nenas e nenos de 4 a 6 anos

Duración estimada: 90 minutos

Obradoiro para crear historias, construír e manexar monicreques, facer escenografías, deseñar música e efectos especiais con elementos naturais e obxectos do cotián.

Xoves 24 de novembro

Camiñada por Pontevedra, con Roberto Rivas

- Ás 17.30 h desde a praza da Peregrina

Para familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos

Duración estimada: 75 minutos

Un percorrido polo centro histórico para descubrir en familia espazos, lingua e historia a través de xogos.

Mércores 30 de novembro

Prende no colo, con Luís Prego e Samuel Soto

- Sesión 1: ás 17.15 h
- Sesión 2: ás 18.30 h

No Pazo da Cultura (sala de obradoiros)

Para familias con nenas e nenos de 0 a 3 anos

Duración: 45 minutos

Sesión musical para aprender cantigas, cantos de berce, xogos de dedos, recitados e outras pezas pensadas para iniciar as crianzas na linguaxe, no ritmo e na melodía a partir de temas tradicionais galegos.

Sábado 3 decembro

Camiñada por Pontevedra, con Roberto Rivas

- Ás 17.30 h desde a praza da Peregrina

Para familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos

Duración estimada: 75 minutos

Un percorrido guiado polo centro histórico para descubrir en familia espazos, lingua e historia a través de xogos.

Martes 6 de decembro

Achegámonos ás árbores da Tomba, con Ventos

- Ás 12 h no miradoiro do Torreiro, no parque forestal da Tomba, Campañó

Para familias con nenas e nenos de 0 a 6 anos

Duración máxima: 90 minutos

Unha visita guiada polo monte da Tomba para coñecer as nosas árbores.

Mércores 14 de decembro

Un bico para Alí, con Lydia Botana “Bolboreta” e Fabaloba

- Ás 18.30 h no Pazo da Cultura (sala de obradoiros)

Para familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos

Duración estimada: 50 minutos

Coñeceremos a Antón, un neno con diversidade funcional que non ten fala, e a Alí, que tentará axudalo con contos, rimas, cancións e moitos recursos.

Venres 16 de decembro

Con árbores e palabras: adornos vexetais para Nadal, con Anias

- Ás 18 h no Pazo da Cultura (sala de obradoiros)

Para familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos

Duración: 90 minutos

Neste obradoiro para crearmos adornos de Nadal con elementos naturais, traballaremos tamén o valor da diversidade nos parques forestais e na nosa lingua.

MÁIS INFORMACIÓN:

Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra

- normalizacionlinguistica@pontevedra.eu
- Tel. 986 863 157
- snl.pontevedra.gal
- [instagram.com/lingua_pontevedra](https://www.instagram.com/lingua_pontevedra)
- [facebook.com/apego.gal](https://www.facebook.com/apego.gal)
- apego.gal

